

# Varios autores da Costa da Morte escribíenlle á Coruña

«A Coruña á luz das letras» é unha obra na que decenas de escritores homenaxeaban os oitocentos anos da cidade

**REPORTAXE**  
Patricia Blanco

CARBALLO | Este ano a cidade herculina está de noraboa. Cúmpanse 800 anos da súa fundación e, no festexo do aniversario, sae á rúa o libro *A Coruña á luz das letras*. Trátase da particular homenaxe que decenas de autores de toda Galicia lle rinden á localidade, buscando todos eles as palabras máis axeitadas para describir as súas xentes, as súas rúas, a súa historia e, en definitiva, a súa luz.

Sendos prólogos de María Xosé Bravo, concelleira de Cultura, e de Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), encabezan a obra. Este último chega a dicir, no medio desas palabras: «Quixemos dicir aquí o inexpresábel da Coruña». O obxectivo parece logrado e a iso contribuíron, como non podía ser doutro xeito, varios autores da Costa da Morte, terra fértil en verbas de calidade, tanto en prosa coma en poesía. Ámbalas dúas están presentes nos 72 textos que compoñen o libro que, saído da iniciativa de dita asociación, contou co apoio da Concellería de Cultura de A Coruña e da comisión A Coruña 800 (1208-2008), que trata de renderlle homenaxe á cidade nestes oitocentos anos de existencia.

Para escribir sobre o inexpresable, achar as palabras non parece doado. Non obstante, foron uns nove os escritores que, dun xeito ou outro vencellados á nosa



Música de acordeón e violín acompañou a presentación | A. R. GARCÍA

comarca, acadaron tal obxectivo.

## Poesía e prosa

Alberte Suras, aínda que nacido no Uruguai, pero con familia en Ponteceso e Malpica, contribúe co seu poema *Soños harmoniosos na estación* a esta homenaxe conxunta. Alexandre Nerium, escritor fisterrán e recentemente de noraboa trala súa presentación de *Nocturnidade do sal*, tivo tempo e verbas para adicarlle á cidade herculina. Ao igual que Alberte Suras, tamén a súa aportación é un poema, mais, neste caso, sen título. A eles sumóuselle Henrique Rabuñal, de Arteixo, cuns versos que figuran baixo o título de *Cidade Alta*. Con poesía tamén contribuíu Miro Villar, cun texto sen título; Rafael Lema, de A Ponte do Porte, co poema *Estación de San Cristóbal*; e X. H. Rivadulla Corcón, de orixe muxián e aportador tamén de varios versos que non levan ningún título de encabezamento.

Por outra banda, no eido da prosa, foron varios os escritores da Costa da Morte que puxeron o seu gran de area. Entre eles, a ceense Concha Blanco, co seu texto *Son elas*. De Cee tamén, María Canosa réndelle a súa particular homenaxe á Coruña con *A torre milenaria*. Engádeselle Farruco Graña, nacido en Carballo e autor das liñas englobadas baixo o título *Viva a República*.

Todos eles son textos de homenaxe, aínda que xunto cos laudatorios, tamén os hai críticos, que deron como resultado un libro, non só con moito pasado, nada máis e nada menos que oitocentos anos, senón tamén «con moito futuro». Esa foi unha das ideas resaltadas na multitudinaria presentación da obra hai uns días na Biblioteca de Estudos Locais da cidade. Xunto con todos os autores citados, na obra están tamén presentes outros moitos escritores, como son Eva Veiga, Yolanda Castaño, Xulio L. Varcárcel ou Xavier Alcalá.